



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 25 DE MAIO DE 2006.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. MARCOS BLANCO JORGE

**Concelleiros/as:**

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. MANUELA IGLESIAS  
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL  
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA  
SEBIO (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO  
(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ  
GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA  
(PP)

D<sup>a</sup> LUISA DEL CARMEN  
ESCUDEIRO CENTRÓN (BNG)

**Secretario Xeral:**

Vicente Soto Rodríguez

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día VINTECINCO de MAIO de 2006 reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rordriguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

\*\*\*\*\*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

### **1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 27 DE ABRILPASADO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 27 de Abril de 2006, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 18 de abril, dúas, sobre aboamentos.

Do 20 de abril, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de abril, unha, sobre aboamentos.

Do 25 de abril, tres, sobre aboamentos.

Do 26 de abril, tres, sobre aboamentos.

Do 27 de abril, catro, tres sobre aboamentos e outra sobre interposición de Recurso Contencioso – Administrativo.

Do 28 de abril, catro, tres sobre aboamentos e outra sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais.

Do 30 de abril, unha, sobre aboamentos.

Do 2 de maio, catro, tres sobre aboamentos e e outra en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 3 de maio, cinco, tres sobre aboamentos e dúas sobre arquivo de expediente.

Do 4 de maio, dúas, sobre aboamentos.

Do 5 de maio, tres ,dúas sobre aboamentos e outra en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 8 de maio, tres, dúas sobre aboamentos e outra sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 9 de maio, catro, tres sobre aboamentos e unha sobre resolución de expediente destinado ao restablecemento da legalidade urbanística.

Do 10 de maio, tres, dúas sobre aboamentos e outra sobre nomeamento de membros de Mesa de Contratación.

Do 11 de maio dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre paralización de obra e incoacción de expediente destinado ó restablecemento da legalidade urbanística.

Do 12 de maio, dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre delegación das funcións propias da alcaldía e a presidencia da Xunta de Goberno Local para o día 15/05/06 en D. Francisco Xabier carreira Sebio.

Do 14 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 15 de maio, tres, dúas sobre aboamentos e outra sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 16 de maio, tres, sobre aboamentos.

Do 18 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 19 de maio, dúas, sobre aboamentos.

Do 20 de maio, unha sobre aboamentos.

Do 23 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de maio, tres, unha sobre horarios de apertura ó público das instalacións deportivas municipais e dúas sobre arquivo de expedientes.

### **3.- APROBACION, SE PROCEDE, DE DIVERSOS ACORDOS RELATIVOS A CONSTITUCION DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Servizos Sociais celebrada o pasado día 18 de Maio que di: "Don Constantino Areda Vidal, Presidente efectivo da Comisión da conta dunha proposta que se acha no expediente e que de seguido transcribese:

**"DON MARCOS BLANCO JORGE, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA (OURENSE),** en relación a constitución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ten a ben a presentar o Pleno a seguinte PROPOSTA:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a integración do Concello de RIBADAVIA no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a sinatura do correspondente Convenio de integración.

**SEGUNDO.-** Aprobar o proxecto de Estatutos do Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

**TERCEIRO.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular, para a subscripción dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ao Consorcio.

**CUARTO.-** Designar como representante deste Concello nos órganos reitores do Consorcio o Sr. Alcalde Don Marcos Blanco Jorge. Ribadavia, 12 de Maio de 2006".-

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores asistentes a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E. e B.N.G.); reserváanse para o Pleno os membros do P.P..- Por conseguinte por maioría absoluta fica dictaminada favorablemente”.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E. e B.N.G.); abstencións, seis (P.P.).- Por conseguinte e, por maioría absoluta fica aprobada a proposta presentada..

#### **4.- APROBACION DO ACORDO DE ESTABLECEMENTO DOS PREZOS PUBLICOS PARA A PRESTACION DE DIVERSOS PRODUCTOS TURISTICOS.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado día 18 de Maio que di:”Intervén Don Javier Iglesias Sendín, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta dunha proposta da Alcaldía que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

“Vista a proposta da Oficina Municipal de Turismo relativa a diversos produtos turísticos que se están a ofertar por dito servizo e que se achán no expediente, que resultan ser os seguintes:

RIBADAVIA MONUMENTAL.- PREZO 3 EUROS.

O BARRIO XUDEO: MITOS E LENDAS.- PREZO 3 EUROS.

A NOITE NOS TEMPOS.- PREZO 3 EUROS.

AS CATRO ESTACIONS DO VIÑO.- PREZO 3 EUROS.

OS PAISAXES DO VIÑO.- PREZO 5 EUROS.

CARTON DE VISITA.- PREZO 6 EUROS.

Pola Alcaldía e en base os artigos 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais,

PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.-**Aprobación dos prezos públicos para as actividades relacionadas con anterioridade de acordo coa proposta presentada pola Oficina Municipal de Información Turística e que de seguido transcríbese:

RIBADAVIA MONUMENTAL.- PREZO 3 EUROS.  
O BARRIO XUDEO: MITOS E LENDAS.- PREZO 3 EUROS.  
A NOITE NOS TEMPOS.- PREZO 3 EUROS.  
AS CATRO ESTACIONS DO VIÑO.- PREZO 3 EUROS.  
OS PAISAXES DO VIÑO.- PREZO 5 EUROS.  
CARTON DE VISITA.- PREZO 6 EUROS.

**Segundo.-** Exposición pública no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello do acordo de establecemento. Ribadavia, 16 de maio de 2006”.-

De seguido sométese a votación a urxencia da proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade a urxencia da proposta.

De seguido sométese a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E. e B.N.G.); abstencións, tres (P.P.).- Polo tanto por maioría absoluta fica aprobada a proposta transcrita.”

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que os prezos que se propoñen son razoables, tendo en conta que os servizos que se prestan son de calidade boa.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar a súa oposición a proposta presentada; dí que algo haberá que cobrar se ben os prezos que se propoñen son abusivos, non estando acordados coas pretensións do Concello. Finaliza a súa intervención dicindo que con estas medidas pódese estar matando as galiñas de ouro.

Intervén Don Javier Iglesias Sendin, concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E., para dicir que non hai a subida que se está a manifestar; dí que ata agora estase cobrando dúas euros (acceso o Castelo e Centro de Interpretación Sefardí) e a partir de agora ampliase o produto (desgustación de viño e dulces hebreos) aumentándose un euro, coa circunstancia de que se se adquire o cartón de visita resultará máis barato.

Intervén o Sr. Alcalde, para sinalar que estes prezos teñen como obxectivo prestar un servizo coa máxima calidade o cál irá en beneficio dos turistas.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, seis (P.P.).- Por conseguinte e, por maioría absoluta fican aprobados o establecemento dos prezos públicos para a prestación dos servizos turísticos relacionados con anterioridade.

**5.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.**

Non houbo moción de urxencia.

Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., formula o seguinte rogo:

**ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Secretario que fixese constar en acta a totalidade dos rogos e preguntas realizadas por el no derradeiro pleno, xa que todos estan vixentes a data de hoxe, sen que se houbese solucionado ningunha das cuestións prantexadas.

De seguido transcríbanse a totalidade dos rogos e preguntas realizadas na sesión ordinaria do pleno de data 27 de abril pasado:

**1º ROGO.-** Rogalle ao Sr. Alcalde que convoque o Patronato da Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro para informar das xestións realizadas e se proceda á apertura do Balneario.

**2º ROGO.-** Rogaríalle ao Sr. Alcalde que dea as ordes oportunas ás brigadas para que procedan a limpar a maleza existente na muralla do Castelo na zona da rúa Extramuros.

**3º ROGO.-** Rogaríalle ao Sr. Alcalde que trate a tódolos veciños por igual, xa que algúns incóanselle expediente sancionadores e de reposición da legalidade urbanística infrinxida coa conseguinte multa coercitiva e outros cos mesmos expedientes están a continuar e incluso rematar as obras.

**4º ROGO.-** Rogaríalle ao Sr. Alcalde que se reparen as baldosas e pedras que se atopan soltas nas beirarúas da zona dos chalets, casa de cultura e rúa Progreso); así mesmo, rógalle que se subsane a problemática existente no paso de peóns existente nas inmediacións do INSS, xa que cando chove fórmase aló unha bolsa de auga, polo que habería que buscarlle solución co obxecto de conducir a auga aos sumidoiros.

**5º ROGO.-** Rogaríalle ao Sr. Alcalde se arranxen entre outras, a rúa próxima os xardinillos, a estrada de subida ao Piñeiral, a do Castro de San Paio e a estrada ao parque de San Paio, xa que as mesmas atópanse cheas de fochancas.

**6º ROGO.-** Rogarílle ao Sr. Alcalde que se baleiren os colectores soterrados existentes na Praza da rúa Ribeiro, xa que os mesmos atópanse cheos dende hai varias semanas.

**7º ROGO.-** Rogaríalle ao Sr. Alcalde que se tomen medidas co chiriguito que se atopa na Verona, xa que o seu estado é lamentable e en situación total de abandono.

**8º ROGO.-** Rogaríalle ao Sr. Alcalde que se solucione o tema da presión de auga en Val de Pereira.

**1ª PREGUNTA.-** Interésalle saber porque non se deu conta na Comisión Informativa de Servizos a solicitude de subvención do Obradoiro de Emprego.

**2º PREGUNTA.-** Interésalle saber cando se vai a aprobar inicialmente e expoñer ao público o P.X.O.M –

**3ª PREGUNTA.-** Interésalle saber cando vai a comezar a obra de pavimentación da Praza do Cruceiriño en Francelos.

**4ª PREGUNTA.-** Interésalle saber que xestións se fixeron en relación coa solicitude de rotondas na N-120 ( Cruce A Franqueiran, Serralleiro e pavillón).

**5ª PREGUNTA.-** No día de onte houbo unha reunión no Centro Comarcal na que estiveron presentes os Alcaldes da comarca e o Delegado de Transportes para falar do transporte da comarca, polo que lle interesaría saber porque non aisitiu o Sr. Alcalde nin delegou a súa asistencia nun concelleiro.

**6ª PREGUNTA.-** Interésalle saber quen mercou as árbores que se plantaron na Alameda do Concello, xa que lle parecen de pouco porte sobre todo en comparación cos anteriores.

**7ª PREGUNTA.-** Interésalle saber a situación da obra do POL 2005 “Alcantarillado en Santo André”, xa que a mesma permanece parada e ,os camiños están intransitables.

**8ª PREGUNTA.-** Interésalle saber quen vai a pagar a comida oficial co Presidente da Xunta, o vindeiro sábado e se é verdade que a devandita comida se solicitou pola Presidencia, indicando que o normal é que a comida se realizase o día da inauguración.

**9ª PREGUNTA.-** Interésalle saber cando se van a retirar os vehículos que se atopan abandonados na rúas.

**10ª PREGUNTA.-** En relación co ambulatorio sinala que nestes intres non conta con xinecólogo, existen problemas no servizo de pediatría e as citas estanse dando para o terceiro día seguinte á solicitude. Finaliza a súa intervención facéndose eco de queixas de veciños sobre o procedemento seguido para citacións, así indica que para recetas cítase de 9 a 11 hores e para consulta a partir das 11, coa conseguinte problemática para os veciños que veñen de diferentes puntos da comarca.

**11ª.- PREGUNTA.-** Interésalle saber que xestións se fixeron co obxecto de potenciar a estación de Renfe, xa que nos derradeiros días estivo pechada.

**12º PREGUNTA.-** En canto ao tráfico na Vila sinala que o mesmo é un desastre, sobre todo nos derradeiros días, di que é unha asignatura pendente deste goberno, sinalando que aprobose unha ordenanza e non se esta a aplicar.

**13º PREGUNTA.-** Interésalle saber cal é a situación da Praza de Abastos, xa que cerraron varios postos e , en vindeiras datas produciranse xubilacións, polo que, pensa que haberá que adoptar algunha medida para dinamizala.

Concluído o anterior, ás oito e vinte do serán, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



